



“A miña identidade galega naceu aos poucos meses de chegar a Bos Aires”

[Montse Dopico](#)

11 de xaneiro de 2015

Días de Cuba e *Lar, Nai, Pan* (Galaxia) son dous dos últimos libros que publicou Xosé Neira Vilas. O autor de *Memorias dun neno labrego* non para. Nunca. *Lar, Nai, Pan* é unha evocación da infancia perdida, mais tamén a denuncia da sociedade desigual e clasista da posguerra. *Días de Cuba* é a crónica do entusiasmo co que Neira Vilas participou nos anos 60 e 70 da revolución cubana. Nun tempo no que todo estaba por construír. No que parecía que o pobo era, si, quen máis ordenaba.

<https://praza.gal/cultura/la-mina-identidade-galega-naceu-aos-poucos-meses-de-chegar-a-bos-airesr>

Está a publicar moito ultimamente, non si?

Teño máis tempo para iso, si. Os últimos libros que publiquei foron o de Paco del Riego, o de Isaac Díaz Pardo, a autobiografía, un epistolario e o ciclo de discos: *Cantos de sol a sol*, *Cantos de lembranza* e *Cantos que veñen de lonxe*. Tamén van saír *Canto de amor*, outro con Mini e Mero, outro con Roi Casal...

***Lar, Nai, Pan* ten bastante de evocación da infancia.**

Nai é unha evocación da infancia e da adolescencia. Esta parte vai acompañada dun disco, coa voz de Uxía Blanco. As tres partes están compostas por unha sorte de poemas en prosa, do estilo de *Platero y yo*, por poñer algunha referencia. Escribín *Lar* ao volver a Cuba tras unha viaxe de retorno que fixen aquí, no 1972, -emigrara no 1949-. *Nai* é unha evocación da miña nai, e escribino no 1977. *Pan*, do 1986, é máis universal. Son estampas realistas sobre o ser humano e a súa loita por gañar o sustento. Os tres libros foran editados por Galaxia no 1993, co título de ‘Charamuscas’, e agora reeditámolos. *Lar* leva ilustracións de Xan Balboa, *Nai* de Xosé Luís de Dios e *Pan* de Siro.

Como *Memorias dun neno labrego*, non agocha o lado máis duro daquel “paraíso perdido” da infancia. Pode haber algo de idealización, mais relativa. Lembra as cousas e as persoas daquel tempo.

Cando me preguntan se *Memorias* é autobiográfico eu digo que si e que non. Non o é nos detalles. Pero si o é no xeral, porque reflicte a vida de moitos rapaces galegos. A motivación de *Lar, Nai, Pan* é distinta. En *Lar* volvo a Galicia tras 24 anos de ausencia, e á volta á Habana escribo esas estampas evocadoras e entrañables do reencontro. Eu nin pensaba publicalo: era máis ben algo familiar. Anos despois, do reencontro coa nai e coa familia, dese lado máis íntimo, sae *Nai*. *Pan* ten un ton, como dicía, máis universal, de denuncia.

Esa denuncia ten que ver co poder esmagador da Igrexa ou cunha sociedade clasista...

Presento a un xudeu como o librepensador, o home que di o que dos demais calan. Si que conto detalles, como o cura que se mete coa muller porque lle morrera o fillo, pero en xeral non é que sexa un texto contra a Igrexa. Houbo mesmo curas e un bispo que dixeron que era o todo o contrario... Conto cousas concretas, cousas reais da vida. Non é ficción.

A guerra está no libro a través da miseria, o abuso de poder... Mais tamén nun relato sobre os corvos que van buscar a xente á casa e a deixan morta nunha gabia...

Iso ten que ver cunha lembranza moi concreta. Tería eu sete anos. Chegou a Garda Civil pola noite, e como tardabamos en abrir comezaron a bater co fusil na porta... Quedaron as marcas, de feito. Meu pai non estaba en nada, pero saíu pola porta de atrás cara ao monte, porque daquela era así: viñan matarte porque si. Miña nai abriu a porta asustada, e resulta que o que querían era saber onde vivía un veciño que era o dono do autobús. Quedoume gravado aquilo.

En *Pan* está retratado o cacique violador, o caseiro, o xornaleiro... A extrema desigualdade da sociedade da posguerra.

O cacique era o dono de todo, polo que podía facer o que quixera. E, si, era unha sociedade moi desigual. Falo, por exemplo, do neno que rouba pan porque ten fame e leva unha malleira... Ou dos caseiros, que traballaban terra allea a cambio de dar ao dono a metade da colleita. Xa o pai de Balbino era caseiro. Os xornaleiros tampouco tiñan terra, e andaban ao xornal. Agora a terra está a monte, xa non depende dela a subsistencia. Mais si, non todos os labregos galegos eran propietarios. Os que non o eran vivían peor.

A emigración é protagonista de boa parte dos seus libros. Temos que mudar a imaxe dominante sobre este fenómeno? Puido ser un drama familiar, mais tamén unha oportunidade para moita xente de fuxir do caciquismo, ter máis liberdade, acceder á cultura...

A emigración trouxo a Galicia 317 escolas e moitas cousas boas máis. Foi un factor de progreso para Galicia e non só unha desgracia. A xente nova marchaba para América... e si que é verdade que alí atopaban unha liberdade que aquí non tiñan. As primeiras escolas os emigrantes fixéronas alí, e foi alí onde moita xente puido estudar, ademais de ter oportunidades de desenvolverse profesionalmente que aquí non había.

En *Días de Cuba* conta como viviu os primeiros tempos da revolución cubana. Chegou a Cuba no 1961, desde Bos Aires.

O que vivimos entón foi un estado de emoción colectiva: o pobo podía gobernar, era unha realidade. Todos colaborabamos. Todo o mundo era solidario. Faciamos traballo voluntario... Eu estudara xornalismo en Arxentina, pero seguí o consello de Blanco Amor de non converter a miña vocación nunha profesión. Durante moitos anos traballei na industria, ata que comecei a traballar en *Zunzún*, unha revista literaria para nenos, desoíndo a Blanco Amor... Aínda que xa

antes colaboraba en revistas e xornais e escribía libros. *Zunzún* era unha revista moi importante. Tirabamos 250.000 exemplares. Era a máis importante revista de literatura infantil en castelán.

Unha das cousas que conta, xa que estes días se fala tanto de liberdade de expresión, é que nunca o censuraron. Certo que vostede identificábase coa revolución. “Poida que sexa Cuba o único país do mundo en que os dirixentes acollen a crítica como un xeito de contribuír a mellorar a eficiencia dos organismos que dirixen”, di en *Días de Cuba*.

É que á prensa, en xeral, esixíase que fose crítica. Lembro que houbo dous directores que foron cesados por non selo. Porque a crítica servíalle ao goberno para mellorar. Un día o ministro de Comunicacións criticou a revista *Palante*, que criticaba ata ao exército, por non ser crítica cos fallos que houbera no fórum de comunicacións postais... Todos aprendiamos das críticas dos outros e ensinabámonos uns aos outros. Eu ía polas mañás a clase de planificación industrial e pola tarde ensinaba o que aprendera...

Aos 20 anos emigrou a Bos Aires. Dixo que descubrira Galicia en Bos Aires, ao ler e estudar...

E non só iso. A Biblioteca do Centro Galego foi moi importante. Pero nós tiñamos, ademais, o privilexio de recibir, nos centros galegos, clases, e en galego, de historia de Galicia, de lingua, de xeografía, de arte, de economía... algo impensable aquí. E os nosos mestres chamábanse Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Blanco Amor... No Centro Galego de Bos Aires había ademais un bibliotecario, Luís Ares, que nos foi xuntando aos mozos emigrantes. Así formamos as Mocidades Galeguistas, o periódico *Adiante*... Despois participei en moitas iniciativas para difundir o libro galego: fundamos a editorial Follas Novas, fixemos exposicións por América...

Tamén fixo moito pola investigación sobre a emigración.

Traballei durante 22 anos na sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba. E sen cobrar. Levaba o meu traballo ao día, e ademais dirixía a sección galega. Organizabamos moitas actividades. Hoxe queda o *Fondo Gallego*, que é o maior fondo bibliográfico sobre a emigración galega en América. Non son só libros. Tamén hai actas, correspondencia...

Nunha das cartas a Luís Seoane comenta que a loita armada era a única vía para mudar as cousas na Cuba da ditadura de Batista. Tras o pasado colonial español e o, daquela, presente neocolonial americano.

Cuba era antes da revolución un país neocolonial, dominado pola corrupción. Un país envilecido, reducido a servir de prostíbulo e casino para os norteamericanos. Un país de pobreza, analfabetismo, desemprego, cunha economía de monocultivo... As cartas que lle escribo a Seoane non son reais. Son supostas mais, si, cóntolle moitas cousas de como era Cuba. Non sei como é agora porque hai anos que marchei, pero si podo contar o que vin. Volvín hai seis anos, para a Feira Internacional do Libro, que non é a máis importante de América en termos de contratos que se poden conseguir, pero si como festa popular. A relación entre Galicia e Cuba foi sempre importante. Xa no XIX houbo moitos galegos que loitaron ao lado dos cubanos contra o colonialismo español.

Outra cousa que di en *Días de Cuba* é o que máis difícil non foi construír o Estado socialista, ou facer a reforma agraria, ou construír o sistema sanitario e alfabetizar a poboación, senón “resistir o acoso brutal de Estados Unidos”. Agora que Obama admitiu que o bloqueio económico non funcionou.

Obama recoñeceu que o embargo económico fora un fracaso, pero de momento non o levantaron. Só comezou a haber relacións. Hai máis de 200 anos que Estados Unidos quere botarlle man a Cuba, que é unha perla estratéxica para eles. Por iso organizaron atentados, invasións... e nada conseguiron. Tampouco ese bloqueo brutal acabou coa revolución. Dixera Rodrigues Lapa que o máis importante que fixera Portugal fora resistir a Castela. Pois eu digo o mesmo de Cuba: o máis sobranceiro foi resistir a Estados Unidos.

O seu discurso sobre Fidel Castro é ben distinto do dominante nos medios de comunicación. Non hai nada do ditador que lle chaman no Fidel que vostede coñeceu?

Son os norteamericanos os que dominan a propaganda, os medios de comunicación do mundo. E tentan desacreditar a Fidel Castro e ao Che. Eu coñecín aos dous e o que vin neles foi cualidades humanas. O Che díxolle a unha señora que el era irmán de a quen lle doese unha labazada que lle desen a outra persoa en calquera parte do mundo. Agora moitos médicos cubanos están a ir a loitar contra o ébola, e moitos máis ofrecéronse para ir. Métodos de alfabetización de adultos que se utilizaron en Cuba están a empregarse agora en España... Iso foi o que construíron Fidel e o Che, coa filosofía de José Martí...

Vostede investigou tamén a prensa galega da emigración. As cifras son abraiante.

A prensa galega de Cuba foi moi numerosa e tivo unha gran calidade. De 1878 a 1960 editáronse 71 publicacións da emigración. Con títulos como *El Eco de Galicia*, *Follas Novas*, *A Gaita Gallega* que foi o primeiro totalmente en galego...

En *Cancela aberta* asegura que ao Che non lle tería gustado nada ver o uso mercantil que se fai da súa imaxe... Alén diso, a súa figura segue a servir como referente?

Ao Che, tal como era, seguro que lle molestaría moito ese uso da súa imaxe que está a facer o capitalismo. Pero é algo que ninguén pode controlar. E claro que el segue a ser referente de valores.

En *Vinte anos retornando* lembra como Fidel Castro falou con vostede cando veu a Galicia e foi recibido por Manuel Fraga. Vírao moitas veces antes?

Non moitas tampouco. A primeira fora en Bos Aires, no ano 1959. No 1992 fomos Manolo Regueiro, Torrente Ballester e eu á inauguración da Cátedra de Cultura Galega na Universidade da Habana, e na véspera Fidel estivo con nós tres horas e media... Falamos de Galicia e de moitas cousas.

En *Memoria da emigración* afirma que cando soubo da morte de Castelao, en Bos Aires, comezou a interesarse máis pola súa identidade galega. En *Crónicas Galegas de América* reflicte tamén ese interese.

É que a miña identidade galega naceu aos poucos meses de chegar a Bos Aires. Comecei a ter conciencia de Galicia, do seu idioma, da súa historia... Aos seus meses de estar alí escribíame coa familia en galego. O meu pai dicía que era mellor escribir coas nosas palabras, ao noso xeito, e non nunha lingua que aprendéramos mal na escola. Os membros das Mocidades Galeguistas tiñamos moi presente a Castelao, pero non só a el. Castelao segue a ser un emblema para todos nós. O meu activismo pola cultura galega comezou en Bos Aires e ata hoxe que teño a miña Fundación...

Mais tampouco foi todo cultura na emigración. Cóntao Celso Emilio Ferreiro en *Viaxe ao país dos ananos*.

A Celso Emilio botárono da Irmandade Galega porque había por alí uns falanxistas. Foi nese contexto no que escribiu ese libro. O que eu dicía é que os galegos de aquí e de alá son os mesmos, cos seus defectos e virtudes. Claro que hai fariseísmo, xente tramposa na emigración, mais aquí tamén.